



## CURSO 2019-20

### Horario

#### ▪ Educación Infantil

Comezo do curso: día 11 de setembro

- Alumnos de 3, 4 e 5 anos:

Día 11: presentación de 10:00 a 11:00 h

A partir do día 12: horario normal (entrada ás 8:50 e saída ás 13:50 h)

#### ▪ Educación Primaria

Comezo do curso: día 11 de setembro

- Día 11: presentación de 9:30 a 10:30 h

A partir dese día, horario normal (entrada ás 8:50 e saída ás 14:00 h)

#### ▪ Educación Secundaria Obrigatoria

Comezo do curso: día 16 de setembro

- Día 16: presentación de 10:00 a 11:00 h

A partir dese día, horario normal:

	L	M	M	X	V
Entrada	8:50	8:50	8:50	8:00	8:50
Saída	14:40	14:40	14:40	14:40	14:40

### Servizos

- Os servizos de aula matinal (7:30 h) e comedor comezarán o día 12 de setembro.

### Calendario Escolar

- 2º Ciclo Educación Infantil e Educación Primaria: actividades lectivas do 11 de setembro de 2019 ao 19 de xuño de 2020, ambos inclusive.
- E.S.O.: actividades lectivas do 16 de setembro de 2019 ao 19 de xuño de 2020, ambos inclusive.
- Días non lectivos: 12 de outubro, 31 de outubro, 6 de decembro, 19 de marzo, 1 de maio, días de libre disposición (aínda por concretar).
- Vacacións de Nadal: do 21 de decembro ao 7 de xaneiro, ambos inclusive.
- Vacacións de Entroido: 24, 25 e 26 de febreiro.
- Vacacións de Semana Santa: do 4 ao 13 de abril, ambos inclusive.

### Titorías

- Os martes, de 16:30 a 17:30 h, previa cita a través da axenda ou da páxina web.

### **Presentación do curso**

O día 9 de setembro, ás 19:30 h, terá lugar a presentación do curso 2019-20 na Sala de Usos Múltiples, na que estarán presentes os profesores do centro e o equipo directivo. Ese mesmo día, despois da presentación xeral, os titores reuniranse cos pais do seu curso na aula correspondente.

Nesta reunión informarase das actividades complementarias e extraescolares do curso, así como dos servizos correspondentes.

### **Normas básicas**

- Non se permitirá aos pais o acceso ás aulas durante o horario escolar.
- Se un alumno falta a clase debe avisar por teléfono esa mañá e xustificar a falta o día da súa incorporación.
- Informarase ás familias de calquera incidencia , incluída a falta de asistencia na ESO.
- O colexio permanecerá pechado no horario lectivo. Os alumnos poderán acceder sempre e cando presenten unha xustificación por escrito.
- Puntualidade: os alumnos que cheguen tarde non poderán acceder ás clases xa comezadas. As faltas non xustificadas poderán supoñer unha sanción.
- Os alumnos de Ed. Infantil e 1º e 2º Ed. Primaria que desexen mercar o seu material na librería “Quiñones de León” deberán deixalo pagado en Administración antes do 5 de setembro.

### **Administración**

- Horario: de 9:10 a 11:00 h e de 13:00 a 14:00 h. Cómpre tocar o timbre da entrada.
- Os pais/titores legais de alumnos que remataron Educación Primaria ou ESO deberán pasar a recoller o seu historial académico.